

A Orde do 31 de decembro de 2021 (DOG número 20, do 31 de xaneiro de 2022), conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e convócaas para o exercicio 2022 (códigos de procedemento ED481A e IN606A).

O punto 6 do artigo 14 da Orde do 31 de decembro de 2021 (DOG número 20, do 31 de xaneiro de 2022) establece que:

“ A resolución publicarase no prazo máximo de 5 meses desde o inicio do prazo de presentación de solicitudes. A non resolución en prazo faculta as persoas interesadas para entenderen desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Os prazos para a tramitación do procedemento poderán interromperse durante o tempo que medie entre a petición e a recepción dos informes de valoración das epígrafes c) e d) do artigo 11, de conformidade co artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.”

Con data de 29 de xuño de 2022 suspendeuse o prazo para resolver á espera de recibir todos os informes de avaliación, que se solicitaron a órganos externos.

Unha vez recibidos os informes de avaliación procede reiniciar o prazo con efectos de cómputo dende o día 9 setembro de 2022.

O secretario xeral de Universidades,  
José Alberto Díez de Castro  
(data/sinatura dixital)

A directora da Axencia Galega de Innovación  
Patricia Argerey Vilar  
(data / sinatura dixital)

